



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Historia Económica de Galicia		Código	611G01042
Titulación	Grao en Economía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía Aplicada 1			
Coordinación	Alonso alvarez, Luis	Correo electrónico	luis.alonso@udc.es	
Profesorado	Alonso alvarez, Luis	Correo electrónico	luis.alonso@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia pretende analizar a evolución da economía de Galicia dende unha perspectiva de longo prazo. Esta viaxe no tempo permitirá acadar dous obxectivos básicos. En primeiro lugar, entender os esforzos dos nosos devanceiros para obter pouco a pouco maiores cotas de benestar. Neste sentido, non podemos esquecer que o desenvolvemento económico constitúe un fenómeno complexo que non só integra variabéis económicas se non tamén factores de tipo político, social e institucional. En segundo lugar, comprender a realidade económica actual de Galicia, que non é outra máis que o resultado dos seus éxitos e fracasos ao longo do tempo. Con esta finalidade, organízase o programa en dous bloques separados cronoloxicamente. O primeiro abrangue o estudo das nosas características básicas a finais do Antigo réxime, que configura o punto de partida para o tempo posterior, e a análise da economía galega durante o século XIX, un período no que se ten producida a crise da economía tradicional e unha lenta transición cara unha economía de mercado. O segundo bloque, máis amplo, adícase ao estudo polo miúdo da evolución da economía gallega durante o século XX e a primeira década do XXI.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A3	Aportar racionalidade á análise e á descrición de calquera aspecto da realidade económica.
A4	Avaliar consecuencias e distintas alternativas de acción e seleccionar as mellores, dados os obxectivos.
A5	Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas da economía (internacional, nacional ou rexional) ou de sectores da mesma.
A6	Redactar proxectos de xestión económica a nivel internacional, nacional ou rexional. Integrarse na xestión empresarial.
A7	Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A9	Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A11	Leer e comunicarse no ámbito profesional en máis dun idioma, en especial en inglés.
A13	Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



Coñecer e entender a realidade económica de Galicia, as súas transformacións no longo prazo, os sectores produtivos, e as institucións económicas e a súa evolución	A5 A11		C8
Asimilar que as realidades económicas son complexas, interrelacionadas con variables sociais, políticas e culturais, e inmersas nun contexto dinámico	A4		C4 C6
Apreciar o papel desempeñado polos factores económicos e os factores institucionais nos procesos de desenvolvemento económico	A3 A4		
Axudar a entender as orixes e persistencia das desigualdades socioeconómicas en Galicia e entre as distintas áreas económico-xeográficas	A6 A7		C5 C8
Aplicar conceptos básicos da economía a diferentes contextos históricos	A3 A7		
Coñecer as distintas formacións económicas xurdidas na evolución histórica recente, e os factores que condicionaron as súas formas de crecemento	A4		C3
Potenciar o emprego de técnicas e instrumentos cuantitativos básicos que impliquen o uso de material estatístico e gráfico	A4 A7		
Capacidade analítica e sintética	A9		C4
Capacidade crítica e autocrítica	A13		C4
Capacidade de traballo en grupo	A13		C4 C7
Capacidade de expresión, oral e escrita			C1

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema I: A fortaleza da sociedade galega tradicional: poboación, economía e dereitos de propiedade (ata 1740)	<p>1 A POBOACIÓN : TRES GALIZAS CON DIFERENTES RITMOS DE CRECIMENTO DEMOGRÁFICO</p> <p>1.1 A singularidade da Galiza no conxunto peninsular</p> <p>1.2 Un crecemento moderado e desigual</p> <p>1.3 O modelo demográfico galego</p> <p>2. A AGRICULTURA</p> <p>2.1 A agricultura nas economías tradicionais</p> <p>2.2 A pequena produción e as comunidades rurais</p> <p>2.3 Organización da produción e tipos de cultivos</p> <p>2.4 O sistema agrario e os seus rendementos</p> <p>3. A PROPIEDADE DA TERRA: O PREDOMINIO DO SISTEMA FORAL</p> <p>4. A ECONOMÍA RURAL NON AGRARIA</p> <p>4.1 as actividades de auxilio</p> <p>4.2 A industria lenceira</p> <p>5. A DIMENSIÓN URBANA DA ECONOMÍA GALEGA TRADICIONAL</p> <p>6. CONCLUSIÓN: LUCES E SOMBRAS DA ECONOMÍA TRADICIONAL</p>



<p>Tema II: A difícil transición cara unha economía de mercado: a traxedia do século XIX</p>	<ul style="list-style-type: none">1. A POBOACIÓN GALEGA ENTRE 1840 E 1900<ul style="list-style-type: none">1.1 Un crecemento que perde ritmo1.2 A caída da poboación relativa1.3 O descenso da natalidade e a emigración interna e exterior2. A ECONOMÍA GALEGA ENTRE 1840 E 1900<ul style="list-style-type: none">2.1 A Economía agraria<ul style="list-style-type: none">2.1.1 A crise da agricultura tradicional2.1.2 A liquidación das actividades de auxilio: a grande emigración a América2.1.3 A crise agraria finisecular e as súas consecuencias2.2 As actividades urbanas: banca, servizos públicos e conservas, un proxecto para o século XX3. UN BALANCE DO SÉCULO XIX
<p>Tema III: A modernización do primeiro terzo do século XX e a súa liquidación durante o franquismo</p>	<ul style="list-style-type: none">1. UNHA ECONOMÍA INNOVADORA<ul style="list-style-type: none">1.1 O que morre e o que nace na economía do primeiro terzo do século XX1.2 As cifras macroeconómicas2. MUDANZAS AGRARIAS E FORTALEZA DA PEQUENA EXPLOTACIÓN FAMILIAR<ul style="list-style-type: none">2.1 O progreso agrario de Galicia2.2 As saídas á crise finisecular: propietarización, innovación e mercantilización3. A NOSA PEQUENA "REVOLUCIÓN INDUSTRIAL";<ul style="list-style-type: none">3.1 O complexo marítimo e os seus "linkages";3.2 Formación e consolidación da banca galega3.3 Os primeiros servizos públicos. As eléctricas3.4 Un novo impulso no setor público: tabacos e asteleiros militares4. O FRANQUISMO E O FIN DO CRECIMENTO INNOVADOR: UN BALANCE DE MEDIO SÉCULO DE DESENVOLVEMENTO
<p>Tema IV: O "milagre económico" de Galicia na década de 1960</p>	<ul style="list-style-type: none">1. O FINAR DA AUTARQUÍA EN ESPAÑA2. O CRECIMENTO DE GALICIA NOS 60<ul style="list-style-type: none">2.1 As mudanzas estruturais<ul style="list-style-type: none">2.1.1 Desagrarización e emigración a Europa2.1.2 Urbanización2.1.3 Asalarización2.2 As mudanzas sectoriais<ul style="list-style-type: none">2.2.1 Sector agrario2.2.2 Sector pesqueiro2.2.3 Sector conserveiro2.2.4 A industria2.2.5 Os servizos2.2.6 O setor exterior da economía3. UN BALANCE DOS 60 EN PERSPECTIVA EMPRESARIAL



<p>Tema V: As crises dos 70 e dos 80, a inserción na Unión Europea e no mercado global e a desfeita da Grande Recesión de 2008</p>	<p>1. AS CRISES DOS 70 E DOS 80 NA ECONOMÍA GALEGA 1.1 A caída da demanda de traballo en Europa e o fin da emigración 1.2 O debalo da construción naval para a exportación 1.2 O fin do aproveitamento libre dos recursos do mar: a expulsión da flota dos caladoiros tradicionais 2 O INGRESO DE ESPAÑA NA UNIÓN EUROPEA E O A REPERCUSIÓN EN GALICIA 1.2.1 O impacto nos sectores maduros: asteleiros e agroindustria 1.2.2 A reindustrialización dos sectores diversificados e modernos 1.3 Os custos das crises 1.3.1 A Galicia norte: A Coruña e Ferrol 1.3.2 A Galicia sul: Vigo 2. A INSERCIÓN DE GALICIA NO MERCADO GLOBALIZADO 2.1 A nova disciplina europea: a privatización do sector público 2.2 A desregulación da economía 3. O FIN DO CRECEMENTO: A GRANDE RECESIÓN EN GALICIA</p>
--	--

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	17	17	34
Actividades iniciais	3	0	3
Análise de fontes documentais	11	28	39
Estudo de casos	5	15	20
Lecturas	8	8	16
Seminario	2	0	2
Proba mixta	2	34	36
Atención personalizada	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O profesor comentará as pautas chave da materia que o estudante ten que coñecer e preparar con traballo individual e en grupo, empregando os demais instrumentos que ofrece o curso. O estudante deberá asistir ás aulas obrigatoriamente. A asistencia ás aulas será decisiva para elaborar a cualificación final dos estudantes dudosos (aos que lles falten poucas décimas para o aprobado ou para subir a cualificación).
Actividades iniciais	Orientación docente, técnicas de traballo e planificación do curso.
Análise de fontes documentais	Insinarase aos estudantes a percurar información nas principais bases de datos, así como tamén se lles informará sobre os recursos máis significativos en rede, útiles para a preparación e ampliación da materia.
Estudo de casos	Inclúen prácticas a partir de textos e datos estatísticos.
Lecturas	Haberá algunhas lecturas de carácter obrigatorio e o seu contido se discutirá nas aulas. Servirán como complemento das sesións maxistras e como materiais para realizar estudos de caso e análises de datos.
Seminario	Complemento das lecturas, estudos de caso e prácticas (materiais cuantitativos e cualitativos discutidos en clase).



Proba mixta	<p>Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais. Valorarase a capacidade de expresión, o emprego e dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa.</p> <p>Queda prohibido acceder á aula do exame con calisquer dispositivo que permita a comunicación co exterior ou o almacenamento de información.</p> <p>Asi mesmo, é preciso que cada estudante que desexe realizar o exame, ten que identificarse correctamente co DNI ou o cartón de estudante na aula onde teña que realizar o exame.</p>
-------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	En cada un dos casos ofrecerase atención persoalizada aos estudantes, tanto en aulas como en tutorías.
Lecturas	Algunhas actividades se realizarán como tutorías de grupo reducido (4 horas por cada subgrupo de 15 estudantes). Nelas resolveranse as dúbidas sobre a materia impartida nas aulas, discutiránse en grupo algúns puntos da mesma e realizaránse prácticas complementarias.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Nestas sesións o profesor impartirá as liñas xerais da materia que os estudantes deberán coñecer e preparar con traballo personal e coa axuda dos demais instrumentos que ofrece o curso.	0
Estudo de casos	Inclúen a) as prácticas con material cuantitativo, b) as lecturas e c) a participación e asistencia ás aulas. No primeiro caso, refírese ás análises de datos estatísticos dende unha perspectiva de longo prazo. Aínda que ao longo do curso se realizarán máis, 2 destes exercicios serán puntuables para a cualificación final (previo aviso do profesor). Sobre as lecturas, véxase o apartado de máis abaixo. Prácticas e lecturas puntuarán entre ambas 2 puntos. A participación e asistencia ás aulas puntuará tamén con 2 puntos. En total, 4.	40
Lecturas	Representan unha información complementaria ás sesións maxistras. Nas aulas traballarase as técnicas para obter a información fundamental das lecturas e o seu contido discutirase na aula. O contido das lecturas servirá como materia complementaria á impartida nas sesións maxistras. Así mesmo, o contido das lecturas servirá tamén para elaborar os estudos de caso. En consecuencia, a súa avaliación queda incluída no apartado anterior.	0
Proba mixta	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa. Ese exame representa o 60% da avaliación final do estudante. No exame se valorará a capacidade de expresión, o emprego e dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética, e o coñecemento dos contidos do programa da materia.	60

Observacións avaliación

O exame ou proba obxectiva, celebrarase na convocatoria oficial establecida pola Xunta de Facultade e publicada na súa páxina web. Para superar a materia (participación e asistencia a clase, 2 puntos; prácticas e lecturas, 2 puntos; proba obxectiva, 6 puntos) é preciso acadar como mínimo 5 puntos do total.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

Recoméndase que o estudante lea con atención a Guía da materia, os contidos do curso e os criterios de avaliación. Para calisquer dúbida, póñase en contacto co profesor en horario de tutorías ou vía correo electrónico. En termos xerais, a materia non esixe requisitos previos. Sen embargo, consideraranse os coñecementos en informática a nivel de usuario, coñecementos básicos de Historia Mundial e de España e familiaridade con conceptos básicos de Economía

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías